

Denominación da Entidade Asociación Musical y Cultural Cantabile	Clave Entidade 30/798
Nome artístico Coro Cantabile	Clave Grupo CS/88
Título do espectáculo Nadal Cantabile	

Sinopse:

Neste espectáculo, o Coro Cantabile amosa ao público unha escolma de panxoliñas en galego, español e outros idiomas. Este repertorio é un dos máis afamados do Coro, moi solicitado noutras edicións da Rede Cultural, nos principais actos que organiza polo nadal o Concello da Coruña (prendido da iluminación do nadal, inauguración do nacemento artístico, encontro coa cidadanía) e multitude de encontros corais ás que é invitado. Como novidade Afundación contou co Coro Cantabile para unha actividade paralela da súa exposición Sonoro empeño, cun recital de panxoliñas diante da súa sede, nunha das rúas máis transitadas da cidade.

Cantabile é un coro de voces mixtas, de 8 a 25 anos, cun repertorio de música polifónica variada, que abarca desde a música barroca, especialmente a obra sacra de Mozart, Haydn, Vivaldi ou Haendel, ata a música actual, pasando pola música popular galega, etc.

Do Coro forma parte tamén a Sección Xuvenil, con mozos e mozas a partir de 14 anos, que montan as súas propias pezas musicais achegando connotacións distintas ao repertorio de Cantabile.

A entidade responsabilízase sobre a veracidade da información, que a Deputación da Coruña poderá comprobar en calquera momento.

De acordo co disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, informámolo/a de que os datos facilitados serán tratados coa finalidade de poder atender a súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos, nos casos contemplados na Lei. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ó tratamento e portabilidade dos seus datos, perante a Deputación da Coruña en Avenida Porto da Coruña, 2, 15003 A Coruña, ou dirixindo un correo a delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal